



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2020. (EXPEDIENTE 2020/G010/000007)

No salón da casa da Cultura do Concello da Laracha, sendo as 13:32 horas do día sinalado, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, o Secretario D. Miguel Piñeiro Souto e o interventor municipal Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

Señores Asistentes:

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP)

Concelleiros:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP)
Dna. Patricia Bello Canedo (PP)
Dna. Rocío López Rey (PP)
D. Jesús Souto Pena (PP)
D. Ramiro Bello Recouso (PP)
Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP)
Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)
Dna. Adelina Liste Monelos. (PP)
D. Pablo Cambón Bértoa(PP)
Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE)
Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE)
Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE)
D. José Martínez Ageitos. (PSOE)
D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG)
Dna. Carolina Castiñeiras Brandón(BNG)

D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP) incorpórase as 13:36h no punto 3º da orde do día.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade..

Gardase un minuto de silencio polas 33 mulleres mortas no 2020 vítimas da violencia de





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

xénero, e outro polas vítimas da COVID-19. Seguidamente pásase o estudo dos asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ANTERIOR SESIÓNS DO PLENO ORDINARIO DE 31 DE XULLO 2020.

Recibido polos membros do Pleno da Corporación o borrador das actas correspondentes ás sesións plenarias celebradas, con carácter ordinario, o día 31 de xullo de 2020 nos termos esixidos polo artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Aberto turno de debate a representante do PSOE, Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras solciita que se aclare que o recoñecemento a Don Celestino Gago na praia de Caión, coordinado coa Subdelegación do Goberno, así como ao resto da xente de Caión que, ao longo dos anos, ven realizando xestos similares foi realizado por todos os grupos.

O Sr Alcalde manifesta que así se fixo saber na Xunta Local de Seguridade na que se acordou facer ese recoñecemento coordinado coa Subdelegación do Goberno.

Sen mais intervencións é sometido o borrador da acta a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador das actas das sesións plenaria seguintes:

- 31 de xullo do 2020

SEGUNDO. Ordear a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dáse conta das seguintes Resolucións de Alcaldía que estiveron a disposición dos Sres concelleiros para o seu coñecemento e toma de razón, conforme ao establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril e no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro:

- Resolucións da Alcaldía dende o número 541/2020 ata a número 686/2020 (ámbalas dúas inclusive) ditadas dende o 27/07/2020 ata o 21/09/2020.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

3.- FESTIVOS LOCAIS

Dáse conta da proposición de Alcaldía seguinte:

Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. As ditas festas locais publicaranse, asemade, no Diario Oficial de Galicia Desde esta alcaldía propónse sinalar os días 16 de febreiro (Martes de Entroido) e o 8 de setembro (Virxe dos Milagres de Caión), como días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste término municipal para o vindeiro ano 2021. Visto o anterior, propónse á adopción polo Pleno do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Fixar como días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste término municipal para o vindeiro ano 2021, os días 16 de febreiro (Martes de Entroido) e o 8 de setembro (Virxe dos Milagres de Caión).

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o seu coñecemento e efectos.

[Sendo as 13.:36 h incorpórase a sesión D. Xosé Alberto Blanco Veiga].

O Sr Alcalde aclara que hoxe mesmo chegou a comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta aprobado por maioría ao obter quince (15) votos a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) e dúas abstencións de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

O Sr Alcalde explica que de esperar ao seguinte Pleno estaríamos fora de prazo. Sometido o asunto a votación resulta **aprobado por maioría ao obter quince (15) votos a favor** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) e dúas abstencións de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

4.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.

4.a] MOCION DO BNG DOTACION ECONOMICA PARA MELLORA DE ESPAZOS E SERVIZOS PARA PROTECCION ANIMAL

D^a Carolina Castiñeiras Brandon (BNG) da lectura a mocion, na que solicita:

“1. Dotacion da area canina, prometida na campaña elctoral das municipais polo partido que goberna, recollendo as suxestión expostas neste texto anteriormente. 2 O concello promovera campañas de concienciación da importancia e obrigatoriedade do microchipado, así como campañas específicas, en colaboración con clínicas veterinarias.3. Continuar e aumentar, cando sexa posíbel, convenios coas asociacións protectoras para a recollida de animais deambulantes, que son que soportan o maior peso económico e carga de traballo derivada do incivismo e incumprimento da lei por parte de quen abandono un animal. 4. Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza unha dotación económica par axudar ao concello a sufragar os gastos derivados da Lei de Protección animal, pois a súa aplicación non debe supoñer un gasto engadido as entidades locais”.

O Sr Alcalde explica que estaba xa no seu programa electoral e que, cando exista dotación orzamentaria o poñeran en marcha. Asimesmo da conta de distintos aspectos a ter en conta a hora de levar a cabo a actuación: tipo de raza de can, tamaño, etc. Insiste en que hai un proxecto depurado cunha inversión importante. Por outra banda trata o tema dos cans abandonados, o alto coste que representa cada can(400€ aproximadamente) e xestións realizadas con concellos limítrofes para facer un proxecto conxunto e reducir costes, sen perxuízo das axudas da Deputación.

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **desestimada ao obter once (11) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis a favor de Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

D^a Carolina Castiñeiras Brandon (BNG) aclara que pretendia facer un resumo das reclamacións das asociacións, que tamen ía no seu programa e que as axudas as pode dar a Xunta como ente impulsor da Lei reguladora.

O alcalde manifesta que non debe ser tema político senón de vontade e pode actuar conxuntamente as tres administracións.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

4.b] MOCION DO PSdeG-PSOE SOBRE O SOBRECUSTO DOS GASTOS DE LIMPEZA E DESINFECCION DOS CENTROS EDUCATIVOS DE TITULARIDADE AUTONOMICO PAR AOS CONCELLOS.

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) dá lectura a moción presentada na cal se solicita que:

“1.Instar a Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito sanitario e educativo, dispoñendo dos medios materias e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir que a volta a clase e o curso académico poda desenrolarse de maneira presencial, segura e con calidade. 2.No caso de que a Xunta de Galicia decida encomendar as entidades locais novas función e responsabilidades en materia de conservación e mantemento dos centros educativos, proceda a delegación formal das mesmas e realice a correspondente consignación orzamentaria para sufragar tales gastos. 3.Instar a Xunta de Galicia a que proceda á compensación dos sobrecustos que os concellos están a soportar como consecuencia dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos.”

O Sr Alcalde manifesta que as medidas de limpeza e desinfección puxéronse en marcha xunto a empresa que ten os centros e que, de todo iso se deu traslado...o que non é posible e comezar as clases e non tomar medidas, aclara que é un tema de estudo entre FEGAMP e a Xunta e que aquel terá que resolver. Finaliza sinalando que o tema sanitario é primordial e subsidiariamente é o da competencia , pero que esepra que a resolución seña favorable aos intereses do Concello e que asumira, como nos institutos, a Xunta.

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **desestimada ao obter once (11) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis a favor de Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

4.c] MOCION DO PSdeG-PSOE SOBRE ESTUDO DOS AFOROS DE TRAFICO NA ESTRADA PROVINCIAL DP-1913

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) dá lectura a moción presentada na cal se solicita que:

“O Pleno do Concello de A Laracha insta a Deputación Provincial de A Coruña a contratar cunha empresa de suficiente solvencia un estudio dos aforos de tráfico na estrada provincial DP-1913, entre O Corgo e Os Muíños de Coiro, que poidan servir de base, de ser o caso, para propoñer á Deputación Provincial de A Coruña a súa mellora.”

Sr Alcalde sinala que non lle ve moito sentido á moción gobernando o grupo da proponente da moción na Deputación...engade que se acordou que a Deputación faga as actuacións





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

necesarias e que das medicións consta , xa no 2015, máis de 2.000 coches o día sen contar tránsito pesado. En calquera caso de facer, que se faga a estrada completa e a ampliación da dúas pontes, as dúas en curva...

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **desestimada ao obter once (11) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), catro a favor de Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) e dúas abstencións de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

4.d] MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE REMODELACIÓN CONTORNA RÚA EPIFANIO CAMPO E RÚA SANTA LUCÍA CON CARGO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA A TRAVÉS DAS SUBVENCIÓNS QUE SE ENMARCAN DENTRO DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (POS) QUE OFRECE A ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL AOS MUNICIPIOS CORUÑESES.

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) dá lectura a moción presentada na cal se solicita que:

“O Pleno do Concello de A Laracha acorda aprobar a remodelación da contorna da rúa Epifanio Campo e rúa Santa Lucía, habilitando para dita remodelación o crédito necesario e suficiente para a súa execución a través do Plan de Obras e Servizos (POS) que ofrece a Deputación Provincial de A Coruña.”

O Sr Alcalde sinala que as obras do POS haberá que estudialas en outro momento e , en canto a accesibilidade, que descoñece os informes técnicos citados pola concelleira pero as rampas cumpren tódolos requisitos de pendente, anchura....por outra banda sinala que ogallá usasen máis os veciños os espazos públicos, pero seguirán cos traballos de humanización.

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) aclara que a visita foi con técnicos da Deputación e que sería bo ter aparcamentos para bicicletas, os que a escaleras tuvesen pasamans..

O Sr Alcalde contesta que todo é mellorable pero tamen hai que cuidar o mobiliario, hai balonazos nos cristais...en canto as bicis que se puxeron nalgún sitio e houbo que quitarlos.

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **desestimada ao obter once (11) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), catro(4) a favor Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) e dúas abstencións de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

4. e) MOCIÓN EN RELACIÓN COAS CONCESIÓNS NAS ZONAS DE DOMINIO PÚBLICOMARÍTIMO-TERRESTRE

A petición dos asistentes dáse lectura tan so a parte expositiva da moción presentada na cal se solicita que:

“O Concello da Laracha insta ó Goberno de España a:

- 1. Que deixe sen efecto a proposta de modificación dos prazos concesionais en zona de dominio público marítimo-terrestre formulada a través do artigo 18 do proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.*
- 2. Que desista do seu propósito de tramitar unha modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre que interprete e restrinja de forma arbitraria a duración das prórrogas extraordinarias reguladas pola Lei 2/2013 de protección e uso sostible do litoral, tal e como sucedía co proxecto que someteu a consulta pública a comezos de 2019 e co actual integrado no proxecto de Lei do cambio Climático e a Transición Ecolóxica.*
- 3. Que, no caso de manter este propósito de modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre, o someta a unha nova consulta pública con prazo suficientemente amplo para permitir e facilitar a remisión de delegacións por parte de administracións e axentes sociais afectados.*
- 4. Que rectifique o cambio interpretativo que está a aplicar na resolución das solicitudes de prórroga de concesións en zona de dominio público marítimo-terrestre, posto que o Consello de Estado corroborou que a lei actual permite as prórrogas de 75 anos.”*

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **aprobada ao obter once (11) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis en contra de Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

ENMENDA DE MODIFICACION DO PSdeG-PSOE

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) da lectura a mesma co seguinte contido:

Débase modificar a parte resolutiva da moción que quedará redactada co seguinte contido:

“O Concello de A Laracha insta a Xunta de Galicia a: 1. Trasladar ao Goberno de España e ao seu Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Vicepresidencia 4ª) a





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

necesidade de ter en conta a especial relación co mar que presenta Galicia e polo tanto a necesidade de facer compatibles a preservación do litoral e a paisaxe como mantemento dos postos de traballo e a actividade no borde litoral.

2.Demandar a aplicación da actual normativa legal (Lei de Costas de 2013 e Regulamento da Lei de Costas de 2014) coa máxima flexibilidade posible, para facilitar o desenvolvemento de actividades compatibles coaprotección do litoral.

3.Demandar que calquera futura modificación normativa que afecte á Lei de Costas ou ao seu regulamento se faga mediante un diálogo amplo cos representantes dos sectores afectados e as autoridades locais e autonómicas pertinentes, ademais dos mecanismos xa previstos na lexislación, de xeito que se procuren as mellores solucións para impulsar a actividade económica e ao tempo facer a protección do noso litoral.”

Sometida a enmenda a votación resulta **desestimada ao obter once (11) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), catro(4) a favor Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) e dúas abstencións de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

O Sr alcalde da conta de servizos que afectan directamente, pero que tamén hai outros afectados indirectamente polas concesions en zona de dominio público marítimo-terrestre así por exemplo en Caión existen concesións con postos de traballo en xogo...afectaría en liñas xerais a conserveiras, depuradoras, así como edificacións : colexios, centros de saúde...

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE) da lectura ao seu alegato que, en síntese, da conta das prórrogas realizadas tras a Lei de Costas de 1988, algunhas non foron presentadas ou caducaron e apela a que non se utilice de xeito demagórico o precepto da Lei de costas como fai a Xunta de Galicia. Matiza que o prazo de 75 anos non afecta á acuicultura e, asemade, que o actual marco normativo foi aprobado polo goberno de Rajoy

O Sr Alcalde conclúe que o PSOE reactiva a interpretación mais restrictiva, nun estado de alarma e sen falar co sector afectado sendo Galicia unha das zonas máis afectadas cun total de empregos en torno a 50.000.

Sometida moción a votación resulta **aprobado obter once (11) votos a favor** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), catro(4) en contra Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Ageitos. (PSOE) e dúas abstencións de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA MIRADOR SANTA MARTA

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) da lectura ao rogo presentado polo PSOE en relación O mirador de Santa Marta está situado no alto do Monte de Santa Marta, entre as parroquias de Coiro, Soandres e Soutullo, a unha altura de 432 metros. O mirador é un espazo natural recuperado polo Concello e foi convertido nunha ampla área de recreo, equipada con parrillas, bancos e mesas, no que solicita *“que por parte desa alcaldía se tomen as medidas oportunas para o coidado e o mantemento do mirador de Santa Marta.”*

O Sr Alcalde sinala que é responsabilidade de todos, apela aos vecinos a que, cando vexan actos vandálicos o denuncien xa que os danos teñen un coste importante.

ROGO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA: CUNETAS NO LUGAR DE PADRONELO

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) da lectura ao rogo presentado polo PSOE en relación o mal estado da cuneta no lugar de Padronelo (San Román), exactamente entre as casas número 1 e número 6. No que solicita *“que por parte desa alcaldía se tomen as medidas oportunas para a limpeza e adecuación da cuneta no lugar de Padronelo para que cando cheguen as choivas non enchan a estrada de auga e vaian para as casas.”*

O Sr Alcalde nega que haxa un problema en Padronelo (San Román) , que hai moitos kilómetros de pistas municipais e se limpan por ambos lados...e que, en calquera caso, irase a donde haxa un problema.

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

A) MALEZA

D. Xoan Manoel Sande Muñiz No pasado pleno celebrado no mes de xullo desde o Grupo Municipal do BNG preguntamos pola maleza nun terreo do casco urbano da Laracha, en concreto na rúa silverio Moreda de Alvariño moi preto da casa do concello, contestando o goberno municipal que xa fora taladas algunhas arbores e estaba sendo retirada a maleza. O certo e que pasados dos meses boa pare da maleza continua alí, co risco que iso supón para as edificacións colindantes. *“que medidas se adoptaron desde o goberno municipal para que a maleza dese terreo sexa retirada na súa totalidade”*

O Sr alcalde indica que hai centos de notificacións a propietarios, incumprimentos hai que volver a notificar...indica que o procedemento para impoñer multas coercitivas e/ou





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

execución subsidiaia e laborioso, sendo a parte rural por lei incendios e a urbana por lei do solo. Conclúe que a lei non permite ser rápidos ao que hai que engadir problemas como propietarios descoñecidos, etc.

B) ESCOLA DE CUMIANS

D. Xoan Manoel Sande Múñiz fai a seguinte pregunta relacionada ca escola de Cumiáns, “*Consideran desde o goberno municipal unha medida acertada o peche da escola de Cumiáns por parte da Consellería de Educación? Fixeron algunha xestión para intentar manter aberta esta escola?*”

Contesta o Sr Alcalde que non hai nenos suficientes, habendo un ratio de nenos por normativa por moito interese que exista xa que, indica, somos primeiros interesados en que esten abertas, mais non temos a competencia mais ala de poñer as instalacións en condicións, sendo os pais os que poden escoller e ahí existen outros factores que hai no Otero Pedrayo como comedor, madrugadores e transporte.

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE

A) AXUDAS FOMENTO AO EMPREGO

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira fai as seguintes preguntas relacionadas coa liña de axudas para empresarios/as obrigados a suspender a apertura ao público ou que sufriron minoración da súa facturación segundo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 :

“1.Cantas empresas e persoas autónomas se presentaron a convocatoria promovida polo Concello de A Laracha?”

2.Cantas empresas e persoas autónomas se beneficiaron destas axudas?”

3.A contía máxima destinada a atender as solicitudes desta subvención ascendía a un importe de 220.143,94 euros, chegou esa cantidade para resolver todas as solicitudes presentadas?”

4.Por quen e con que titulación está conformado o gabinete de expertos que aprobará ou denegará as axudas?”

5.Por que motivo estase a retrasar tanto a resolución e pago desta axuda?”

O Sr alcalde contesta que non hai ningún político na comisión de valoración, que existen 214 solicitudes e que a intención e resolvelas canto antes.

B) AREA CANINA E PISTA DE SKATE

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira fai as seguintes preguntas relacionadas coa creación da primeira área canina do Concello para que os nosos veciños poidan desfrutar coas súas mascotas dun espazo público que favorecerá a actividade diaria e a socialización dos cans.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

1.Ten previsión de onde vai a ser a súa situación? Para cando a súa creación?

2.Logo de ser coñecedores de que na zona do instituto, baixando cara a escola infantil, pola estrada de A Silva/Ponto Limpo, dende hai tempo e polas tardes, hai rapaces que empregan a estrada para practicar esta modalidade deportiva. Ante esta situación, no cre oportuno a creación da pista de skate?

O Sr Alcalde indica que o programa é para catro anos e as cousas faranse segundo a disponibilidad orzamentaria. Por outra banda apela ao comportamento da xuventude co patinete, non ir pola comarcal a noite, por exemplo...en canto á pista farase cando se poida.

REMATE DA SESIÓN.-

O alcalde cerra a sesión do Pleno desexando saúde e un bo verán a todos.

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 15.06 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretario, dou fé.

O Secretario,

O Sr. Alcalde-presidente,

